

**Un país  
xusto.**

**Mundo  
rural**

**Programa  
2016**



### 3 **Mundo rural: De onde partimos e cara onde queremos ir ?**

5 Ordenación do territorio e mobilización produtiva da terra

6 Unha política específica para as zonas de montaña

7 Mobilizar o coñecemento

8 Xerar novas oportunidades

9 Traballar en equipo

10 Reorientar o destino dos fondos europeos de desenvolvemento rural e avanzar cara outra política agraria e rural a nivel europeo e internacional

11 Consolidar as liñas de especialización do agro galego, ao tempo que se promove a diversificación e calidade alimentaria

12 **Producións gandeiras**

12 Sector Leiteiro

14 Vacún de carne

14 Ovino e cabrún

15 Outras producións cárnicas: da gandería industrial á gandería con terras

16 **Producións agrícolas**

16 Sector do viño

17 Producións horto-froiteiras

18 **Montes**

# Mundo rural: De onde partimos e cara onde queremos ir ?

O agro galego ten avanzado nos últimos 50 anos polo camiño da especialización e da industrialización dos procesos produtivos. Mais ese camiño, inzado de transformacións estruturais, mudanzas tecnolóxicas, diminución acelerada da poboación ocupada e cambios na paisaxe, ofrece a día de hoxe un balance desfavorable en moitos aspectos, tanto polas propias características do modelo como pola forma na que se desenvolveu en Galicia. No ámbito económico, a pesar da intensa diminución da man de obra e o forte esforzo investidor das explotacións, a renda que obteñen os/as traballadores/as agrarios/as no noso País continúa sendo moi inferior á dos outros sectores da economía e estando lonxe da media europea e española. Ao tempo que o limitado desenvolvemento da industria agroalimentaria provocou que Galicia se consolidara, para a maioría das producións agrarias, como un territorio subministrador de materias primas e derivados de baixo valor engadido. No plano social a acelerada caída da man de obra agraria e o escaso desenvolvemento doutras actividades económicas no mundo rural, unido ás deficiencias na dotación de servizos, provocan que o rural estea sumido nun proceso de forte regresión demográfica e avellentamento, desestruturando aldeas, parroquias e mesmo concellos, debilitando as comunidades rurais e dificultando a construción de ligazóns internas e a capacidade para defenderse de agresións externas. No plano ambiental a industrialización da agricultura tivo coñecidas consecuencias negativas: degradación dos ecosistemas, emisións de gases de efecto invernadoiro, perdas de biodiversidade e diminución da resiliencia, exemplificada na vulnerabilidade fronte os incendios. Por último, a forma na que se deu aquí a especialización e «modernización» do agro conduciu a que Galicia se convertera nas décadas recentes nun territorio dependente do exterior, tanto no subministro de alimentos como de insumos para as explotacións (alimentos para o gando, inputs industriais), con enormes consecuencias ambientais, económicas e sociais (para o propio País e para outros territorios dos que se importan certos insumos).

O programa de En Marea ten o obxectivo de iniciar unha senda de cambio que, ao tempo que consolida o futuro das ramas nas que se foi especializando o noso agro, coas reorientacións necesarias no seu modelo produtivo, avance cara a un novo rural diversificado e menos intensivo, que asegure a autonomía económica das familias

do rural e o dereito da cidadanía galega a unha alimentación segura. Un novo rural que favoreza as producións diferenciadas, de calidade, e o desenvolvemento dos canais curtos de comercialización, que axude a consolidar comunidades rurais fortes e con capacidade de decisión, que garanta a existencia de paisaxes diversificadas, resilientes e biodiversas. Trátase, en suma, de avanzar na construción dun novo rural que cumpra dous requisitos: que ofrezca ás familias agrarias e ao conxunto da poboación rural uns niveis de renda e un acceso aos servizos equiparables ás áreas urbanas, unha igualdade real de oportunidades; e que sexa capaz de responder ás demandas que a nosa sociedade fai actualmente ao mundo rural

Unha transformación deste calado non depende dunha soa administración nin se finaliza en catro anos. Pretendemos poñer en marcha un debate na sociedade galega que asegure a formación de consensos amplos que garantan o éxito deste proceso de cambio. A Xunta de Galicia debe asumir que non se poden tomar decisións sobre o rural sen contar coa participación das persoas que viven no e do rural, polo que impulsará o diálogo sectorial e transversal entre @s axentes do rural.

Como principio básico, ademais da redefinición dos seus obxectivos, as políticas públicas que inciden no rural deben abandonar a segmentación e enfoque puramente sectorial que as veu caracterizando, e avanzar na súa coordinación e no aproveitamento das interaccións entre as diversas actividades. Por iso a acción de goberno que En Marea levará a cabo desde a Xunta de Galicia partirá dunha visión integral do mundo rural, plasmada en dúas directrices básicas: ordenación das diferentes actividades económicas a partir da aplicación efectiva da lexislación xa existente, propiciando algunhas modificacións lexislativas; coordinación entre as políticas produtivas e as de infraestruturas, tecnolóxicas, benestar e dotación de servizos á poboación, para facer efectiva a perspectiva integral que debe presidir a acción de goberno.

Desde En Marea propónse mudar a denominación de Medio Rural por Mundo Rural. Querémolo enteiro. Foi un avance pasar de falar de Agricultura a chamarlle Medio Rural, pero temos que recuperar a idea de AGRO e de Mundo Rural para empezar a mudar de verdade tamén no espazo cultural. Isto suporá tamén a redefinición da estrutura da Consellería de Mundo Rural para dar cabida ás novidades e necesidades de futuro para un agro sustentable e multifuncional que sexa espazo de vida e non de abandono, e tamén para facilitar o tránsito dunha economía baseada en recursos non renovables a outra baseada e integrada na natureza.

## Ordenación do territorio e mobilización produtiva da terra

A superficie agraria en Galicia está en diminución dende hai máis de 60 anos; pola contra a superficie forestal incrementouse en boa medida co cultivo de especies exóticas de crecemento rápido. A forestación de terras agrarias e áreas de interese natural é o último chanzo da expulsión de traballadores do mundo rural, da degradación ambiental e paisaxística e un dispendio de cartos públicos. Este proceso debe ser revertido se queremos ter un mundo rural poboado e dinámico que poida garantir a soberanía alimentar e se queremos minimizar as vagas de lumes que periodicamente asolan o territorio. En numerosas ocasións o marco normativo vixente contempla instrumentos de utilidade para abordar os retos da mobilización produtiva de terras, radicando o problema na inacción ou na infradotación de recursos por nula vontade política da Xunta de Galicia. Noutros casos son necesarias solucións innovadoras. En Marea aplicará o seguinte conxunto de medidas para a mobilización produtiva das terras:

- ▶ **Acción decidida para frear a perda de superficie agraria útil e para a protección do solo de maior aptitude agraria**, un recurso escaso e estratéxico. O primeiro paso para isto será o cumprimento e desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio e a aplicación efectiva do marco legal vixente (como a Lei de Mobilidade de Terras ou algúns preceptos da Lei de Montes).
- ▶ A Xunta de Galicia definirá a **Estratexia Galega de Administración de Terras**, para combater a inmovilización de terras asociada ao déficit de información, á presenza de conflitos, de titularidades descoñecidas, á problemática de deslindes, etc.; creando para iso un **novo Servizo de Apoio á Xestión de Terras de Galicia**. Mellorárase e impulsárase, asemade, os deslindes, inventario e cartografado dos Montes Veciñais en Man Común, analizando a situación actual da súa xestión e aplicando as responsabilidades subsidiarias da Xunta de Galicia en relación á mesma.
- ▶ Dentro da Estratexia Galega de Administración de Terras, a Xunta de Galicia artellará as **medidas de selección, priorización e coordinación dos diferentes instrumentos de xestión de terras** (re-organizacións parcelarias, Banco de Terras, Unidades ou Agrupacións de Xestión Forestal, etc.) en función das características de cada territorio.
- ▶ A Xunta de Galicia **habilitará** os mecanismos para **compensar en terra agraria a agricultores afectados por procesos expropiatorios derivados da construción de infraestruturas**.
- ▶ **A Xunta de Galicia impulsará a innovación na xestión do minifundio**, promovendo iniciativas innovadoras de xestión territorial, especialmente fórmulas asociativas que superen a fragmentación da terra. Para isto realizará un inventario e difusión das iniciativas innovadoras existentes, a modo de experiencias piloto ou laboratorios vivintes.
- ▶ **Reactivación do Banco de Terras** (paralizado na práctica polo goberno do PP). As actuacións do Banco de Terras estarán inseridas dentro da Estratexia Galega de Administración de Terras, e terán como obxectivo facilitar o incremento da base territorial das explotacións e o acceso á terra de novos agricultores co obxectivo de favorecer o vivir no rural. A mobilización das terras estará ligada á reorientación do

sistema produtivo das explotacións e á posta en marcha de producións sustentables e innovadoras no rural galego.

- ▶ A Xunta de Galicia porá en marcha unha **liña concreta de impulso e vertebración da agricultura urbana** que permita mobilizar solares infrautilizados, fomentando unha maior inter-relación entre o urbano, o rural e o periurbano.
- ▶ **Revisarase a lei 7/2012 de 30 de xuño de Montes de Galicia** cos obxectivos de reverter os procesos de abandono do rural, xerar riqueza e dinamismo no territorio, conservar o solo, manter o ciclo da auga e demais ciclos ecosistémicos, preservar a paisaxe e a biodiversidade. Permitindo deste xeito que un mundo rural multifuncional diversifique as súas opcións e evitando, ademais, que sexa unha carga económica para o conxunto da sociedade, especialmente en relación á loita contra o lume.

## Unha política específica para as zonas de montaña

Ao igual que sucede noutros territorios, as áreas de montaña de Galicia caracterízanse polas limitacións das opcións de uso da terra e un maior custe relativo da súa mobilización, debido a factores ambientais e orográficos. A iso únese que a Xunta de Galicia non entendeu ata agora as especificidades deses territorios, polo que neles avanzaron moito máis rápido os procesos de marxinalización, vulnerabilidade social e ambiental e as conseguíntes desvantaxes socioeconómicas (despoboación e carencia de servizos básicos). Neste programa de goberno hai moitas medidas que se refiren a servizos básicos para toda a poboación, incluída a da alta montaña, que non imos reproducir. Pero desde a política do mundo rural, a Xunta tomará as seguintes medidas específicas en relación coas zonas de montaña:

- ▶ Elaborará a **Lei para o Desenvolvemento da Montaña Galega**, en base á premisa de cohesión social e territorial, promovendo o desenvolvemento sustentable mediante a posta en valor das potencialidades de cada zona e a xeración de riqueza endóxena.
- ▶ Ese novo marco legislativo contemplará a **delimitación das áreas de montaña de Galicia coa súa caracterización e tipificación**, tendo en conta criterios físicos, paisaxísticos, topográficos, bioclimáticos e socioeconómicos.
- ▶ Nesa Lei contemplarase a realización de **Plans integrais das comarcas da Montaña** que xeren un desenvolvemento socioeconómico equilibrado, apostando por modelos que combinen a conservación dos valores ambientais deses territorios co aproveitamento eficaz dos recursos existentes.
- ▶ **A Xunta de Galicia potenciará o turismo de montaña**. Favorecerá as infraestruturas e servizos baseados na conservación dos recursos naturais, paisaxísticos e culturais de cada zona. No caso da Estación de Montaña de Manzaneda contribuirase a consolidala como un referente do turismo de montaña no norte da Península Ibérica.
- ▶ A Xunta de Galicia **nas axudas derivadas da PAC contemplará as singularidades das zonas de montaña**; prestará atención específica ás áreas de montaña nas medidas de desenvolvemento rural e eliminará as trabas derivadas das características das terras, como a pendente ou superficie mínima.

## Mobilizar o coñecemento

O novo rural que queremos construír terá un dos seus piares na incorporación de coñecemento ás actividades produtivas, e polo tanto na capacidade de captar e difundir ese coñecemento ás empresas e na mellora da capacidade das persoas para manexalo. Con este obxectivo levaranse a cabo as seguintes accións:

- ▶ **Re-dotación de medios aos Centros de Investigación do ámbito agroalimentario e forestal, e impulso da súa colaboración cos sectores produtivos e demais axentes do sistema de coñecemento e innovación.** Nos últimos anos a Xunta de Galicia iniciou un proceso de desmantelamento dalgúns centros (por exemplo o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo - CIAM), que é necesario revertir elaborando unha axenda estratéxica de I+D+i agroalimentario e forestal en colaboración cos sectores produtivos.
- ▶ **Construción dunha Rede de Centros de Investigación do Agro (RECIA)**, que active mediante programas financiados os centros de investigación existentes (CIAM, Estación Enolóxica, Lourizán, ..) e os conecte cos centros de formación e divulgación.
- ▶ **Potenciar a Asociación Europea para a Innovación en Galicia e, en xeral, o sistema de innovación rural galego.** Para isto impulsárase unha visión anovada dos Grupos Operativos de Innovación no marco do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 e activárase a Rede Galega de Innovación en Agricultura.
- ▶ En materia de difusión e incorporación do coñecemento ás unidades produtivas promoveremos as seguintes iniciativas:
  - **Fomento da actividade de extensión e difusión dos centros de investigación en colaboración coas Oficinas Agrarias Comarcais.**
  - **Creación dunha rede galega de explotacións demostrativas** (que colaboren en actividades innovadoras e de difusión con centros de investigación e de formación).
  - **Promoción de Escolas de Coñecemento Labrego baixo a filosofía de compartir saberes**, ou «campesiño a campesiño». Tratarase de iniciativas prácticas nas que produtores novos e maiores poidan intercambiar saberes sobre técnicas, variedades, etc., de modo que coñecemento tradicional e perspectiva contemporánea se complementen.
- ▶ **Programa estratéxico de formación agroalimentaria e forestal.** A Xunta de Galicia potenciará a formación agroalimentaria e forestal mediante a recuperación dos CFEAS, mantendo os módulos formativos existentes e recuperando/creando outros novos orientados a cubrir todas as alternativas produtivas en Galicia. Esta nova oferta incluírá a formación en agricultura ecolóxica e agricultura sostible.
- ▶ **Posta en marcha dun programa de aconsellamento «real» ás explotacións agrogandeiras e forestais así como dunha rede de monitoreo técnico-económico para as principais ramas ou producións.** Este programa anovará o modelo actual vencellado á simple tramitación administrativa e converterase nun sistema real de aconsellamento profesional e de calidade; tendo como base unha posta ao día do antigo Servizo de Extensión Agraria. Por outra parte, recuperarase a rede contable de explotacións de vacún de leite (desaparecida pola inacción do PP), e poñeranse en marcha iniciativas similares noutros sectores, con incentivos ás explotacións que participen nelas.

- ▶ **Introdución no sistema educativo (primaria/secundaria) de contidos sobre o rural, a través dunha materia específica ou de actividades concretas inseridas noutras materias.** O obxectivo non sería mirar ao pasado senón ao futuro: fomentar o espírito emprendedor e o potencial do rural para emprender, combatendo os tópicos negativos existentes sobre a incorporación ao rural.
- ▶ **Plan de formación continua para o persoal técnico que presta os seus servizos aos sectores agrogandeiro, forestal e alimentario, tanto no ámbito público como no privado.**

## Xerar novas oportunidades

A política para as zonas rurais do PP estivo historicamente marcada, e sigue marcada hoxe, polo parternalismo, por fórmulas que baixo a aparencia de atender as súas demandas procuran que todo siga igual. O resultado é o continuado peche de explotacións, o envellecemento da poboación, a falta de relevo xeracional e a perda de servizos públicos e privados que fan máis complicada a vida nestas zonas. Para comezar a invertir esas tendencias actuacións xa citadas, como a mobilización de terras agrarias, o fomento da investigación ou a formación, teñen que ser complementadas con outras medidas que abran novas oportunidades laborais no rural. Con este obxectivo adoptaranse as seguintes medidas:

- ▶ **Activación da Rede Rural Galega e da Rede Galega de Innovación en Agricultura,** para a identificación dos problemas de cada comarca e poder xerar as solucións coas achegas de todas as partes implicadas, tendo como obxectivo principal favorecer o éxito da incorporación de mozos/as ao rural.
- ▶ **Creación do Servizo de Apoio á Incorporación de novos/as agricultores/as.** Para todas as persoas que se incorporen, incluíndo aquelas que non proveñan da agricultura, a Xunta de Galicia prestará un apoio e seguimento na definición do plan de explotación e de negocio, na formación específica, na busca de terras, no plan financeiro, na xestión de axudas, etc. O acompañamento será previo, durante a implantación e nos primeiros anos; introducindo as modificacións necesarias nas actuais axudas á incorporación.
- ▶ **Creación dun Banco de Explotacións Agrarias (servizo de intermediación para agricultores sen relevo familiar).** A través deste servizo a Xunta de Galicia poñerá en conexión os titulares de explotacións agrarias que non teñen relevo familiar e persoas, do rural ou non, con interese en facerse cargo desas explotacións; prestando o apoio necesario nos acordos e seguimento destas iniciativas.
- ▶ A Consellería do Mundo rural porá en marcha un **Plan de Integración Cooperativa e Concentración da Oferta** que contribuirá a mellorar a posición negociadora do sector produtor e a reequilibrar a cadea agroalimentaria.
- ▶ A Xunta de Galicia liderará **Proxectos Piloto** para a posta en produción de terras en producións agrarias e forestais nas que Galicia é deficitaria e ten potencial (pequenos froitos, medicinais e aromáticas, ornamental de exterior, etc). Tratarase de proxectos innovadores cun alto impacto social, económico e ambiental.
- ▶ O Goberno galego recoñecerá a agricultura a tempo parcial. Para iso impulsará **medidas específicas de apoio ás explotacións semi-profesionais** que combinan diferentes ocupacións dos seus membros.



- ▶ **Posta en marcha dun Plan de Emprego Público no Rural.** O aproveitamento do potencial das zonas rurais non será posible sen a prestación de servizos de soporte indispensables. Neste sentido poñerase en marcha un Plan de Emprego Público no Rural que inclúa medidas como: o reforzo de persoal das Oficinas Agrarias Comarcais e dos Distritos Forestais, dos Centros de investigación e formación agraria e doutros servizos públicos básicos.
- ▶ O Goberno galego **impulsará as TIC no rural para converter a Galicia nun polo europeo do «smart farming».** Galicia verase especialmente beneficiada se a Xunta impulsa a adopción intelixente das tecnoloxías dixitais innovadoras como a Internet das Cousas e a analítica de datos (incluíndo Big Data). Para iso propiciarase a colaboración de todos os sectores implicados (produtores, transformadores, provedores de maquinaria, enxeñerías, centros de coñecemento e a propia Administración), co fin de aproveitar estas oportunidades e superar as barreiras existentes.
- ▶ A Xunta de Galicia considerará prioritario alcanzar a **cobertura de banda ancha de todo o territorio con servizos telemáticos de calidade;** partindo de considerar estas como infraestruturas prioritarias no século XXI.

## Traballar en equipo

Lograr o obxectivo de dinamizar o mundo rural galego require dun traballo en equipo, da concertación de actores diversos e destes coas administracións públicas, de iniciativas público-privadas e do fomento da colaboración. Requírese en definitiva optimizar os esforzos e facer que o territorio traballe en equipo. Entre as medidas que se adoptarán neste eido cabe citar:

- ▶ Mellora da coordinación dos distintos departamentos da Xunta de Galicia e das diversas Administracións Públicas (Concellos, Xunta de Galicia, Administración Central do Estado) no ámbito rural.
- ▶ Fomento da conexión entre os sectores produtivos rurais e os xestores da rede de composteiros que se porá en marcha en toda Galicia para o tratamento local dos residuos orgánicos producidos nos fogares. A progresiva substitución dos fertilizantes químicos de síntese por biofertilizantes xerará abondosas sinerxías positivas.
- ▶ Potenciación das mesas de interlocución e acordo entre os diferentes actores das cadeas produtivas (mesa do leite, mesas do viño, da carne de vacún, da pataca, castaña, do sector forestal, etc.).
- ▶ Garantir a participación dos axentes do rural no deseño, seguimento e execución das diferentes medidas e programas de apoio.

# Reorientar o destino dos fondos europeos de desenvolvemento rural e avanzar cara outra política agraria e rural a nivel europeo e internacional

Para desenvolver a nova política no mundo rural galego será necesario, no curto prazo, modificar o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Ademais, a Xunta de Galicia debe demandar cambios nas políticas agrarias a nivel europeo e internacional. Para iso En Marea levará a cabo as seguintes medidas:

- ▶ Como soporte para as novas políticas, a Xunta de Galicia **reorientará as medidas financiadas polo Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020**, coas seguintes directrices básicas:
  - > Centrar as medidas nas persoas como motores do cambio, poñendo o acento en estimular, apoiar e facilitar as novas iniciativas.
  - > Superar a cultura da subvención (focalizada nos investimentos en capital fixo), instaurando a do acompañamento e a cooperación.
  - > Reorientar fondos asignados no actual Programa a infraestruturas de baixo valor engadido cara medidas que estimulen e capaciten aos emprendedores e dinamizadores rurais e contribúan á sustentabilidade social, económica e ambiental do mundo rural.
- ▶ Con ese obxectivo, **nos primeiros 100 días do novo Goberno poñerá en marcha un proceso participativo, coa implicación de todos os actores relevantes do noso mundo rural, para a modificación do PDR 2014-2020**; de tal modo que, seguindo o procedemento previsto pola normativa europea, se conte cun novo PDR aprobado para a súa aplicación en 2017.
- ▶ Dada a importancia que para a agricultura e o mundo rural galego teñen as políticas adoptadas na Unión Europea, En Marea levará a cabo unha actuación decidida co fin de lograr a **participación directa do Goberno galego en todas as negociacións nas institucións comunitarias que afecten ao noso agro**.
- ▶ En Marea contribuirá desde o Goberno galego a que **outro modelo de Política Agraria Común (PAC) sexa posible**. Neste sentido, no debate sobre o futuro da PAC para o período posterior a 2020 que vai ter lugar na UE ao longo da lexislatura 2016-2020 En Marea defenderá unha política agraria e rural que responda aos seguintes criterios mínimos:
  - > Unha PAC que contribúa a corrixir os desequilibrios sociais e territoriais na agricultura europea, favoreza as pequenas e medianas explotacións e priorice a calidade dos alimentos, a protección do medio ambiente e as funcións territoriais da actividade agraria.
  - > Unha PAC que recupere mecanismos públicos de regulación e estabilización dos mercados e asegure relacións equilibradas entre produtores/as, industrias e cadeas de distribución.
  - > Unha PAC na que o apoio á renda dos/as produtores/as avance na liña de establecer unha axuda única por unidade de traballo en toda a UE, modulada en función de criterios sociais, ambientais e territoriais.

- ▶ En Marea defenderá, desde todas as instancias nas que participe o Goberno galego, o cese do proceso de liberalización do comercio mundial de alimentos impulsado desde a Organización Mundial do Comercio (OMC), e a **configuración dun sistema alternativo de relacións comerciais que responda ás necesidades da poboación dos diversos países, en sintonía co principio de soberanía alimentaria.**
- ▶ En aplicación do anterior, En Marea **opórase desde o Goberno galego á aprobación do TTIP** (Parcería Transatlántica para o Comercio e os Investimentos), por supor un novo atentado contra a seguridade e a soberanía alimentar do pobo galego.

## Consolidar as liñas de especialización do agro galego, ao tempo que se promove a diversificación e calidade alimentaria

Durante as últimas décadas actividades como a gandería de vacún de leite, o vacún de carne, a horta, a viticultura e moitos outros subsectores téñense convertido nos principais vectores de actividade nas zonas rurais de Galicia, contribuíndo a soste as rendas e o emprego. Estas actividades, sen embargo, están a afrontar notables retos que requiren dunha acción de apoio e orientación por parte da administración pública.

Ao mesmo tempo, o desenvolvemento do mundo rural galego require da apertura de novas oportunidades, da diversificación, tanto cara novos produtos como cara outras formas de produción. Así mesmo, a capacidade do agro galego para competir nun mercado cada vez máis liberalizado e globalizado debe basearse principalmente en produtos de calidade, con personalidade propia e diferenciados, e con garantía de salubridade.

Para avanzar nesas direccións En Marea aplicará desde o Goberno galego as seguinte medidas:

- ▶ **Promoción da produción de alimentos diferenciados, reforzando as axudas e incentivos dispoñibles para isto no PDR 2014-2020.** Con este fin reforzaranse as medidas de apoio ás Indicacións Xeográficas Protexidas, Denominacións de Orixe e outras marcas de calidade diferenciada que se podan promover. Ademais incluírase esa liña de fondo nas axudas a investimentos en industrias agroalimentarias.
- ▶ A Xunta de Galicia apostará polos **sistemas de gandería de carne extensiva, con especial atención a aqueles desenvolvidos a partir das razas autóctonas, e polo silvopastoralismo.**
- ▶ **Elaboración dun plan de desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica** que visibilice a dirección que debe tomar a produción agraria e desenvolva de forma inmediata as enormes capacidades de produción ecolóxica.
- ▶ **Elaboración de Plans Estratégicos Sectoriais de impulso das principais liñas de especialización.** Estes Plans seguirán os vectores de desenvolvemento enunciados anteriormente (mobilización de terras, extensificación, calidade, incorporación de novos activos, incorporación das TIC, formación, diversificación.....)
- ▶ **Aposta polas iniciativas de transformación de produtos agrarios.** A Xunta de Galicia apoiará as iniciativas de transformación de materias primas agrarias en produtos con maior valor engadido, executados preferentemente polos propios produtores. Este marco de apoio abranguerá tamén a produción artesanal.

- ▶ **Apoio ás canles curtas de comercialización.** A Xunta de Galicia apoiará as iniciativas de desenvolvemento de canles curtas de comercialización, mercados locais e cooperativas de consumo que permitan fortalecer o rural mediante compras de proximidade e produtos de calidade.
- ▶ **A Xunta de Galicia estudará a creación de sistemas de protección para algúns alimentos específicos,** a través de marcas de garantía. Entre eles cómpre mencionar o leite de pasto, a carne de montaña e a lamprea do Miño e do Ulla.
- ▶ O Goberno galego promoverá as modificacións legislativas necesarias para regular as **iniciativas de certificación participativa de produtos de proximidade.**
- ▶ **Prohibición dos cultivos transxénicos e tamén do uso de fariñas cárnicas e antibióticos na fabricación de pensos, garantindo un sistema de control eficaz.**
- ▶ **Plan de recuperación e investigación sobre variedades autóctonas de sementes, integrando a produtores locais.** A Xunta de Galicia traballará para o establecemento dun Banco Galego de Sementes, a partir do xa existente, dotándoo de medios humanos e materiais e promocionando o seu uso entre os agricultores.

## Producións gandeiras

### Sector Leiteiro

O sector leiteiro xoga un papel estratéxico no mundo rural galego, especialmente en moitas comarcas do interior, pero está atravesando nos dous últimos anos unha situación crítica. Os actuais problemas derivanse en parte das tendencias a nivel internacional e da liberalización dos mercados na UE, pero a eles contribúen tamén as propias debilidades do sector en Galicia: o modelo produtivo das explotacións, a carencia dunha industria láctea sólida e diversificada e a desorganización e desequilibrio da cadea (nas relacións entre gandeiros/as, industrias e distribución).

A resposta a eses problemas require unha estratexia desde o Goberno galego que combine accións de choque a curto prazo coa adopción de medidas a medio e longo prazo; e unha estratexia que integre unha posición firme para influír no marco europeo e estatal xunto coa adopción pola Xunta de Galicia de reformas e políticas decididas naquelas cuestións que son da súa competencia. A estratexia que En Marea poñerá en marcha desde a Xunta de Galicia centrarase nas seguintes liñas de actuación:

- ▶ **Presión ante as instancias comunitarias para que a UE adopte mecanismos que contribúan ao equilibrio do mercado e á recuperación dos prezos ao produtor, corrixindo a liberalización da política láctea europea aplicada na última década.** Neste aspecto defenderemos o establecemento na UE de medidas públicas que permitan un control da produción e unha redución da volatilidade dos mercados.
- ▶ **O Goberno galego adoptará unha posición activa na aplicación do «Paquete Lácteo» no Estado Español e a súa concreción en Galicia, para lograr avances reais no equilibrio das relacións entre gandeiros/as, industrias e distribución.** Para isto a Xunta de Galicia: reactivará os mecanismos de interlocución e negociación a nivel galego; adoptará unha posición activa na mediación e supervisión dos contratos; e porá en marcha todas as actuacións que contribúan á transparencia, equilibrio e estabilidade da cadea de valor do leite.

- ▶ Como complemento do anterior, **o Goberno galego condicionará as axudas públicas e utilizará todas as medidas ao seu alcance para conseguir** compromisos das cadeas de distribución e das industrias que garantan a **recollida do leite de todas as explotacións con referencias obxectivas en canto á negociación de volumes e prezos**. Na mesma liña controlaranse as prácticas abusivas coas industrias por parte das cadeas de distribución.
- ▶ **Aplicarase un plan de choque específico para as explotacións que están percibindo prezos máis baixos.**
- ▶ **Reclamaremos con fimeza do Goberno do Estado que aplique de forma inmediata a etiquetaxe obrigatoria da orixe do leite** (aprobada xa por outros países da UE, como Francia e Italia).
- ▶ **O Goberno galego esixirá e velará polo cumprimento estrito da lexislación en materia de control da orixe do leite e de transporte internacional de alimentos**, reforzando para isto os mecanismos propios de control e inspección.
- ▶ **Reorientación do modelo produtivo das explotacións cara sistemas sustentables, do punto de vista económico e ambiental, baseados na produción forraxeira das explotacións e na redución da dependencia dos pensos e outros insumos externos.** Entre as medidas concretas que se aplicarán nesta dirección están:
  - Acción decidida para facilitar a ampliación da base territorial das explotacións, a través das medidas de impulso da mobilidade da terra.
  - Reorientación das axudas aos investimentos das explotacións e utilización dos pagos agroambientais para estimular os procesos de desintensificación, o desenvolvemento de sistemas produtivos baseados nos pastos e nas forraxes propias.
  - Apoio específico á produción ecolóxica.
- ▶ **Elaboración e aplicación dun plan de desenvolvemento da industria láctea**, baseado nos seguintes criterios:
  - O apoio centrarase nos proxectos que elaboren derivados de maior valor engadido e/ou baseados na diferenciación dos produtos e as marcas de calidade (leite e produtos lácteos ecolóxicos, leite procedente de vacas alimentadas en pastos, Denominacións de Orixe e outras marcas de calidade).
  - Favoreceranse aqueles proxectos industriais que contén cunha participación directa dos/as produtores/as, ben sexa a través de cooperativas ou doutras organizacións. Tamén se apoiará a transformación artesanal, para a valorización directa da súa produción por un segmento das explotacións.
  - O Goberno galego adoptará unha posición activa para favorecer a configuración de proxectos industriais lácteos viables e diversificados, protagonizados na medida do posible por capital galego.

## Vacún de carne

O vacún de carne constitúe outro sector estratéxico do agro galego, cun forte impacto territorial e que obtén (e pode obter máis no futuro) producións de calidade. En contraste coa súa relevancia económica, social e territorial, este sector é dende hai anos un dos máis desatendidos pola Administración autonómica; ademais está situado maioritariamente nas zonas do país máis desfavorecidas. Por iso, En Marea propón, alén das medidas xerais enunciadas anteriormente, pór en marcha as seguintes accións de goberno específicas:

- ▶ Impulsarase a **implantación de pastizais para que as explotacións conten con base territorial suficiente**, prestando especial atención ao establecemento de pastizais en Montes Veciñais en Man Común.
- ▶ O Goberno galego **adecuará as liñas de axuda aos investimentos nas explotacións (os «plans de mellora») ás necesidades reais do vacún de carne.**
- ▶ **Priorizarase a gandería extensiva nas axudas ás zonas desfavorecidas, nas medidas agroambientais e noutras liñas de apoio** á renda das explotacións.
- ▶ **Fomentarase o consumo da carne de vacún galega nas diversas canles de comercialización e nas compras de institucións públicas.**
- ▶ **A Xunta de Galicia desenvolverá accións específicas para a ampliación das iniciativas produtivas no vacún de carne baseadas en razas autóctonas.**
- ▶ **Darase un impulso á IXP «Ternera Gallega»,** co obxectivo de que teña capacidade para comercializar toda a carne de calidade das explotacións familiares.

## Ovino e cabrún

A Xunta de Galicia nunca lle concedeu á gandería de ovino e cabrún a importancia potencial que ten. É verdade que o seu peso na produción agraria é limitado, pero a súa relevancia estratéxica é moi elevada, por dous motivos: a localización das explotacións; e sobre todo por tratarse duns animais que poden aproveitar biomasa que na actualidade non conta con outra función máis alá de ser combustible para os incendios. Por iso, desde En Marea propoñemos as seguintes medidas:

- ▶ A Xunta de Galicia **debe deseñar de xeito participativo un plan de revitalización e impulso do sector**, incluída unha diagnose rigorosa, que á súa vez serviría para coordinar todo un conxunto de medidas necesarias para o sector.
- ▶ A Xunta de Galicia **recoñecerá e porá en valor, mediante un programa específico, o aproveitamento silvopastoril e o pastoreo nos sistemas agrogandeiros** venciñados á gandería de ovino e cabrún.
- ▶ A Xunta de Galicia **apostará pola valorización da lá.** En colaboración co sector buscaranse oportunidades para a posta en valor da lá e outros subprodutos animais, con axudas públicas que permitan a aparición dunha industria de tratamento da lá para a súa posterior transformación dentro do territorio galego, evitando a súa exportación en bruto. Así mesmo, débese avanzar na profesionalización do servizo de rapa en Galicia.
- ▶ A Xunta de Galicia **apostará pola «gandería artesanal».** Para isto no ovino e cabrún, e noutras ramas gandeiras, financiaranse proxectos de matadoiros de proximidade ou matadoiro móbiles, e creárase un marco legal axeitado para ter salas de despece caseiras ou infraestruturas nas propias explotacións que permitan comercializar

directamente estes tipos de carne. Só deste xeito poderá consolidarse unha gandería familiar de tamaño medio, garantindo todas as condicións de sanidade e trazabilidade.

- ▶ **A Xunta de Galicia incluírá nos centros de capacitación agraria un módulo específico formativo de gandería de ovino e cabrún**, con contidos sobre a orientación produtiva carne e leite, manexo con réximes extensivos, semiextensivos ou intensivos, produción ecolóxica, etc...
- ▶ A Xunta de Galicia **creará as condicións técnicas e financeiras necesarias para impulsar a transformación do leite de ovino e cabrún**. Con este fin apoiará a consolidación dos escasos proxectos existentes e impulsará novos investimentos para a transformación do leite nos seus derivados (queixo, iogurtes...).
- ▶ **Profundización e estabilización das estratexias de prevención de danos por predadores nas ganderías, así como impulso do diálogo entre os actores involucrados**. Entre outras, as medidas contemplarán: a mellora no deseño, axilización e simplificación das indemnizacións; convocatoria e facilitación das mesas de diálogo intersectorial, como a Mesa do Lobo; estudo e impulso da innovación nas estratexias de prevención.

### **Outras producións cárnicas: da gandería industrial á gandería con terras**

Estas ramas gandeiras contan con problemas específicos pero non son alleas á tendencia á que se enfrontan centos de labregos e labregas no noso País: os prezos de primeira venda non sempre cobren os custes de produción.

Para corrixir estes problemas, aplicaranse as seguintes medidas:

- ▶ **A Xunta de Galicia elaborará un Plan Estratéxico para os sectores cunícola, porcino e avícola**. O Plan será resultado da participación dos produtores, das súas asociacións, dos sindicatos, dos técnicos da administración e dos investigadores dos OPIs.
- ▶ **A Xunta de Galicia tomará as medidas necesarias para impulsar os modelos artesanais, familiares e autónomos**. A Xunta apostará pola produción avícola artesanal, como recolle o Decreto de 2011, e desenvolverá as normas necesarias para estender eses modelos aos subsectores cunícola e porcino, contemplando os seguintes principios reitores: uso da base territorial (todas as producións deberán observar a cría de animais en liberdade e no seu medio natural); regulación da carga gandeira máxima en cada sistema produtivo; regulación da alimentación, con base nas producións da propia explotación, incluídos cereais.
- ▶ **Será prioritaria nesta lexislatura a posta en marcha de proxectos de produción de coello, porcino e ave ecolóxicos**. O incremento do seu valor engadido e o aproveitamento do crecemento da demanda neste sector son factores que garanten o éxito desta iniciativa, sempre que estea ben dimensionada.
- ▶ **Apoio para a posta en marcha de «gandería artesanal»**. Neste subsector, e noutros de importancia estratéxica, a Xunta debe financiar proxectos de matadoiros de proximidade ou matadoiro móbiles, crear un marco legal axeitado para ter salas de despece caseiras ou infraestruturas nas propias explotacións que permitan aos produtores e produtoras comercializar directamente estes tipos de carne.
- ▶ Para o caso das razas autóctonas do porco e da avicultura, **a Xunta de Galicia desenvolverá accións específicas para a ampliación das iniciativas produtivas que se desenvolven con porco celta, galiña piñeira e galiña de Mos**.

# Produccións agrícolas

## Sector do viño

As 5 Denominacións de Orixe vitivinícolas de Galicia (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, O Ribeiro e Valdeorras) constitúen un notable caso de éxito, materializado nunhas cifras crecentes de exportación. Un sector cuxos progresos en materia de profesionalización e incorporación de coñecemento teñen permitido obter produtos de elevada calidade. Consolidar eses logros e avanzar nun escenario internacional cada vez máis competitivo require de esforzos continuados en materia de comercialización, innovación, cualificación dos recursos humanos e sustentabilidade. En Marea promoverá desde o Goberno galego as seguintes medidas:

- ▶ **Establecerase apoio técnico e económico para continuar cos procesos de reestruturación**, coa incorporación de castes autóctonas e establecendo marcos de plantación que permitan un axeitado cultivo, priorizando aqueles modelos de xestión respectuosos co medio ambiente.
- ▶ **Incentivaranse e apoiaranse con recursos públicos aqueles procesos de reestruturación** mediante reagrupamento parcelario de xestión societaria ou cooperativa, que permitan salvagardar ou recuperar zonas de tradicional aptitude vitícola e a xeración de postos de traballo ligados aos mesmos.
- ▶ **As autorizacións para novas plantacións de viñedo utilizarán criterios de conservación dos recursos agrarios das comarcas vitícolas**. Posto que en certas comarcas trátase do único recurso para manter a paisaxe e a actividade económica, moitas veces converténdose nunha verdadeira viticultura heroica.
- ▶ **O Goberno galego revitalizará (resucitará realmente) a Mesa do Viño e o establecemento de Contratos Homologados** (que o PP foi deixando morrer). Estes contratos deben garantir prezos xustos e dignos, para o que a Xunta de Galicia ten que promover e obrigar á interlocución entre as partes.
- ▶ **A Xunta de Galicia apoiará as medidas preventivas para evitar ou minimizar o impacto dos factores climatolóxicos nas explotacións vitivinícolas**. Entre esas medidas preventivas o Goberno impulsará as estacións de avisos, as redes de alertas fitosanitarias, a protección biolóxica e a contratación de seguros. Así mesmo, desenvolveranse todas as medidas necesarias para fortalecer o sector fronte ao cambio climático.
- ▶ **Reforzaranse as liñas de apoio para a mellora tecnolóxica das adegas**, así como para o seu agrupamento mediante **fórmulas asociativas ou cooperativas, tanto para a elaboración como para a comercialización en común**. Todo iso co fin de lograr masa crítica suficiente que permita mellorar a presenza nos diversos mercados con abastecementos regulares, de calidade e diferenciados.



## Producións horto-froiteiras

O déficit de froita e hora en Galicia é moi evidente. E as posibilidades de desenvolvemento son enormes polas condicións ambientais de determinadas comarcas e polo coñecemento adquirido e a capacitación de moitos labregos e labregas. A Xunta de Galicia debe apostar moi decididamente por este subsector, amparándose nesas potencialidades e dirixindo medios financeiros e técnicos para consolidar en Galicia unhas producións de horta e de froiteiras que contan cun mercado amplo e de proximidade. Ademais, como se observa en moitas iniciativas municipais e educativas, a horta é tamén unha ferramenta de desenvolvemento humano para os máis cativos e para as persoas de avanzada idade. Por todo isto, En Marea propón que a Xunta de Galicia tome as seguintes medidas:

- ▶ **Elaboración dun Plan específico para a Horta Galega**, dirixido a consolidar estas producións naquelas comarcas onde están asentadas (como as Mariñas Coruñesas, Salnés, Ulla, Sar e Baixo Miño) e a impulsar o seu desenvolvemento noutras zonas con potencial para a súa expansión. Como principais medidas este Plan incluírá:
  - > Accións relativas ás condicións produtivas: mobilización de terras abandonadas, protección e mellora dos solos, control do uso de adubos e produtos fitosanitarios, programa de eliminación de residuos; potenciación da xestión técnico-económica das explotacións co fin de mellorar a súa eficiencia.
  - > Recuperación e potenciación de variedades autóctonas.
  - > Fomento dos cultivos de horta ao aire libre.
  - > Apoio ás cooperativas e a proxectos de carácter colectivo para mellorar a comercialización e acometer proxectos de transformación e envasado de produtos con elevado valor engadido.
  - > Adecuación e potenciación dos mercados locais tradicionais de hortalizas e froitas. Fomento dos circuitos curtos de comercialización.
  - > Apoio ás iniciativas de cultivo ecolóxico.
- ▶ Medidas para **mellorar o aproveitamento da mazá de sidra e a mazá roxa, e fomento do cultivo de pequenos froitos**.
- ▶ Realización de **campañas de promoción dos produtos horto-frutícolas galegos** co fin de fomentar o seu consumo no mercado interno.
- ▶ A Xunta de Galicia, en colaboración cos Concellos, coas Asociacións de Nais e Pais e coas Organizacións Non Governamentais, **impulsara as Hortas Escolares e as Hortas Comunitarias** como unha ferramenta de Educación Ambiental e Humana.

## Montes

A política forestal desenvolvida en Galicia durante a democracia é unha herdanza dos plans do franquismo. O seu discurso, simplemente produtivista, tense amosado en termos xerais moi negativo tanto ambiental como social e economicamente. Fundamentalmente non contempla máis variables que o beneficio do curto prazo de determinados sectores con pouco valor engadido e que son dependentes de materias primas de baixa calidade e a baixo prezo.

A nova política forestal debe deixar de ser so forestal para ser unha política do monte. O goberno galego debe contemplar as múltiples funcións que cumpre o monte e apostar, de xeito equilibrado, por aproveitamentos multifuncionais que garantan o equilibrio ambiental e económico.

A consideración de ben común debe guiar as novas políticas e, en particular a forestal, considerando variables como a conservación da paisaxe, a biodiversidade, os ciclos bioxeoquímicos e o da auga e a preservación do chan. Debe ter como obxectivo, ademais, a redistribución da riqueza; igualmente debe considerar variables delicadas como é o cambio climático e mesmo considerar a seguridade alimentar, que diminúe coa redución do espazo cultivable. A sustentabilidade global do sistema debe ser obxectivo principal en todo momento: as perdas e prexuízos non poden ser externalizados nin supor un gasto público desmedido e sen solución de continuidade.

En Marea ten a súa propia política forestal, ou mellor dito, o seu modelo para o aproveitamento do monte. Ímolo presentar a continuación, diferenciando:

- ▶ Medidas de Goberno de carácter urxente
- ▶ Novo modelo de aproveitamento do monte, resultado do consenso, e de longa duración.

No que se refire ás medidas de goberno de carácter urxente, nos primeiros meses de traballo do novo goberno a Xunta de Galicia adoptará as seguintes medidas:

- ▶ **Cumprimento estrito da lexislación vixente**, destinando medios para o seu control, en relación á forestación de terras agrarias, e modificacións legislativas que garantan o cumprimento do obxectivo de manter as terras de aptitude agraria ou con valores ambientais afastadas do cultivo forestal.
- ▶ A Xunta de Galicia abrirá inmediatamente as **mesas de traballo e negociación** nas que participarán os Distritos Forestais e as organizacións sindicais representativas dos traballadores do SPDCIF e as súas asociacións profesionais para abordar todos aqueles temas urxentes que afecten á estrutura, funcionamento e organización do dispositivo de prevención e control de incendios. Nesas mesas de traballo terán un papel relevante os Distritos Forestais, o ámbito administrativo máis achegada á realidade do monte no noso País. O principal obxectivo destas mesas de traballo e negociación é corrixir as deficiencias «técnicas» que se observan no dispositivo de loita contra o lume, para facelo moito máis efectivo no curto prazo.
- ▶ **O PLADIGA de 2017 incluirá os resultados desas mesas de traballo e negociación**, toda información sobre os incendios forestais en Galicia en 2016 (información detallada de cada un dos incendios, número de incendiarios detidos e condenados, situación forestal dos bosques queimados...), unha exposición

detallada e comprensible das partidas orzamentarias destinadas a prevención e extinción e o seu custe anual, contratos e convenios firmados pola administración, e toda a información relevante para que prime a absoluta transparencia na xestión pública dos incendios.

- ▶ A Xunta de Galicia apostará pola progresiva a **posta en marcha dun dispositivo único e público de loita contra os incendios**, procedendo paulatinamente á contratación a través dun único servizo público (o SPDCIF). Deste xeito, iranse eliminando todas as contratacións de persoal alleas a este servizo público. Así mesmo, de forma progresiva, a Xunta de Galicia iniciará a posta en marcha de Ofertas Públicas de Emprego que rematen coa precariedade laboral que sofre unha parte dos traballadores do SPDCIF
- ▶ **A prevención debe converterse no eixe central da actuación pública.** Para iso, os Distritos Forestais porán toda a atención no cumprimento das faixas e perímetros de seguridade no seu territorio de influencia así como nas tarefas de control de biomasa nos montes xestionados pola administración. A Xunta de Galicia realizará as modificacións lexislativas necesarias para garantir o cumprimento deses obxectivos e activará todos os protocolos para que os titulares das infraestruturas de transporte (terrestre, ferroviario, eléctrico...) tamén os cumpran. Converter a prevención no eixe central da actuación pública requirirá a redefinición das funcións que cumpren os traballadores do servizo polo que a distribución dos tempo de traballo deberá facer fincapé nas funcións de prevención e traballos forestais.
- ▶ A Xunta de Galicia **recoñecerá a categoría de bombeiro forestal aos profesionais da prevención e loita contra os incendios forestais**. Para iso debe existir un proceso formativo anual posto en marcha tanto desde a Escola Galega de Administración Pública como da Academia Galega de Seguridade Pública. Contemplanse incluso a formación ao nivel internacional, no sentido de realizar prácticas no estranxeiro de algúns técnicos e tamén incluír aprendizaxe local de sistemas internacionais de extinción forestal.
- ▶ **Instauración do Día do Monte** . Anualmente, a Xunta de Galicia realizará un acto público de recoñecemento dos labores de prevención e ordenación dos montes. Inserido dentro da Estratexia Galega de Educación Ambiental, a Xunta de Galicia recoñecerá o traballo individual ou colectivo realizado polos xestores do monte (propietarios privados individuais ou colectivos), organismos de investigación, traballadores ou servizos autonómicos, etc., para recoñecer e divulgar o labor de conservación e posta en valor do monte.
- ▶ A Xunta de Galicia introducirá **criterios multifuncionais nas ordes de axuda en materia de montes** que aprobe o Goberno xa desde 2017.
- ▶ **Colaboración entre e con propietarios privados** mediante a creación de figuras de colaboración e/ou promoción das figuras xa existentes para a posta en marcha de estratexias de colaboración entre propietarios privados: SOFOR, Cooperativas de Explotación Comunitaria da Terra, Asociacións de Propietarios ou calquera outra forma de colaboración das contempladas na lexislación ou creación ou rescate de outras figuras (UXFOR). A Xunta de Galicia non debe centrar a atención nunha única figura: débese prestar apoio a todas as figuras de actuación conxunta que se desenvolvan.
- ▶ Alí onde a iniciativa privada non xestione o monte, a Xunta de Galicia debe actuar mediante o ofrecemento dun **contrato voluntario coa propiedade**, entendido como un instrumento financeiro a longo prazo para o fomento silvicultura, dos aproveitamentos silvopastoriles ou dos aproveitamentos diversificados do monte,

sempre compatibles coa conservación da natureza. A Xunta de Galicia débese converter no principal axente de innovación e transformación da xestión do monte. Na actualidade xestiona máis do 15% da superficie forestal de Galicia. A intervención pública na xestión forestal, lonxe de verse como algo residual ou anacrónico, debe ser considerado un instrumento eficaz para o desenvolvemento económico de áreas rurais e a vertebración de amplas zonas de Galicia. Esta intervención pública debe ir máis alá das funcións de vixilancia e inspección. En todo caso, e en relación aos montes privados colectivos, a Xunta debe favorecer a xestión directa pola comunidade de todos aqueles MVMC que contan cunha comunidade constituída e con certa base demográfica.

- ▶ **Desenvolvemento e mellora do coñecemento e información do sector.** De xeito urxente, a Xunta de Galicia debe promover, mediante o mellor aproveitamento dos recursos existentes, un servizo específico de estatística forestal que en cooperación co IGE, universidades e centros de investigación, e co sector privado, etc, permitise mellorar a información dispoñible e transmitila de xeito eficaz. Sen unha información completa e fiable do monte e do sector económico-industrial será máis difícil o desenvolvemento e revisión das estratexias e políticas forestais

### En relación co novo modelo de aproveitamento do monte, os principios reitores que o rexerán son os seguintes:

- ▶ Ten que ser un **modelo de consenso** onde participen TODOS os axentes sociais, políticos e empresariais. Débese avanzar mediante un acordo nacional cos sectores implicados: propietarios, produtores, comercializadores, madeiristas, industrias, movementos sociais, grupos políticos e sindicais... para racionalizar e ordenar o monte cunha ampla perspectiva temporal. Considérase que debemos reverter a tendencia do gasto público, destinando progresivamente máis diñeiro á prevención e progresivamente menos a extinción.
- ▶ **Cambios na estrutura da Administración Forestal.** A Xunta de Galicia traballará para establecer unha clara separación entre a xestión dos distintos programas de control dos lumes forestais e os programas de xestión e ordenación forestal. Esta separación non excluírá a necesaria coordinación entre os dous ámbitos. Neste sentido, os Distritos Forestais deben ser reforzados como unidade fundamental da administración forestal, da xestión pública de montes e de interacción cos propietarios e comunidades de montes da súa área de actuación. Por outra parte, a coordinación entre distintos departamentos da Administración Autonómica debe permitir a simplificación dos trámites para obter os permisos e autorizacións das actividades a desenvolver no monte.
- ▶ O modelo de aproveitamento do monte, resultado do consenso, debe ter unha **vixencia de cando menos 60 anos**. Así, debe existir un compromiso de todas as partes de respectalo na súa configuración estrutural.
- ▶ Para alcanzar o consenso crearanse **mesas paritarias de debate**, tantas como sexan necesarias, para avanzar progresivamente no deseño dos elementos que configurarán a política para o monte dos vindeiros 60 anos. Nesas mesas participarán, con un papel significativo, os profesionais do montes (da administración, das universidades, das empresas.....). O actual proceso de reformulación do Plan Forestal de Galicia é unha oportunidade para introducir estas novas dinámicas e para mudar o centro de atención desde a extinción cara a prevención. Será moi importante contar co «coñecemento de última xeración» para fixar as prioridades e os plans de acción.

- ▶ Como **principios básicos e marco** para alcanzar ese acordo nacional de consenso para os vindeiros 60 anos sobre o novo modelo de aproveitamento do monte en Galicia, desde En Marea defendemos os seguintes:
  - **Reordenación dos aproveitamentos do territorio.** Galicia conta cunha importante superficie de usos non agropecuarios e sen urbanizar, de feito destaca por iso. Nestas áreas atopamos tanto cultivos forestais, como bosques como ecosistemas importantes para a biodiversidade e a paisaxe como áreas de mato e mesmo pasteiros. Visto que en moitas áreas hai grandes superficies de cultivos forestais continuos que, eventualmente tamén se continúan en hábitats de gran cobertura, débese considerar que o mantemento e creación de espazos abertos que configuren unha paisaxe en mosaico debe ser un dos principais elementos que posibilite nas próximas décadas un entorno no que os lumes sexan apagables. Hai que incorporar a seguridade alimentar como criterio de aproveitamento do monte, é preciso colocar a biodiversidade no centro da acción planificadora a medio e longo prazo respectando a lexislación nesta materia así como as disposicións técnicas oportunas, todo elo incidindo na conservación e mellora das paisaxes e construíndo unha necesaria diversificación económica para o mundo rural. O obxectivo debera ser incremento cero da superficie forestal non autóctona e incremento positivo das superficies protexidas e das superficies agrogandeiras.
  - **Recoñecemento e protección das funcións ecosistémicas** do monte (regulación do ciclo hídrico, sumidoiro de carbono, reserva de biodiversidade) e das súas funcións sociais.
  - **Corresponsabilidade de todos os axentes** (propietarios, concellos, pequenas empresas, OPIs, grandes empresas, administración autonómica.....) no que se refire ao desenvolvemento do modelo de aproveitamento. Non é cousa de un, é cousa de todos e todas.
  - **Fortes doses de innovacións social.** Apertura de miras para considerar diferentes solucións de xestión (custodia, especies e espazos senlleiros, funcións non económicas, participación pública....) e para deseñar incentivos que superen como única medida as «liñas de subvención», e para diferenciar investimentos produtivos de investimentos de carácter social e/ou ambiental. Entre eles cómpre enumerar incentivos fiscais á inversión forestal, préstamos para a inversión en activos forestais ou na mellora dos mesmos, fondos de investimento forestal, desenvolvemento do seguro forestal, desenvolvemento de servizos de apoio/extensión ao produtor (Distritos Forestais).
  - **Profesionalización das tarefas silvícolas.** Tanto no eido da prevención como na extinción, cando sexa necesaria, deben primar criterios de capacitación profesional e de máxima eficacia. Os Distritos Forestais deben ser fortalecidos con medios humanos e materiais: son o ámbito máis achegado ao mundo rural, nel cohabitan decisións administrativas e técnicas, posúen elevada capacidade de liderádego nos seus territorios de influencia, son os que mellor coñecen o territorio.....
  - **Emprego da mellor ciencia dispoñible.** As decisións que se tomen deben estar fundamentadas e xustificadas na mellor ciencia dispoñible.
- ▶ Entendemos que os Montes Veciñais en Man Común son un axente fundamental para a nova política do monte. Por iso **crearase a Axencia Galega de Montes Veciñais (AXEGAMONVE)**, cuxa función será a de promover e asesorar a acción das comunidades de montes, máis alá dun servizo de montes que desenvolva funcións

administrativas. Os montes de veciños deben ser en grande parte das comarcas galegas o motor da nova política para o monte: deben ser tratados como un espazo de innovación agroecolóxica e social. Os montes veciñais en man común (MVMC) representan tamén unha oportunidade única para o desenvolvemento rural e para o exercicio da democracia participativa e desde abaixo. Son latifundios democráticos e un claro exemplo de outras institucionalidades das que beber á hora de repensar a Administración pública. Por iso, debemos potencialos como modelo de éxito na xestión do común. A Axencia Galega de Montes Veciñais (AXEGAMONVE) servirá para garantir que as Comunidades de Montes se podan autoxestionar, habilitará un servizo de consultoría legal, de xestión, de apoio a comunidades «envellecidas» e de axuda a comunidades novas; tamén fomentará o seu empoderamento mediante campañas de visibilidade e unidades pedagóxicas para dar a coñecer os MVMC nos centros educativos e ante a sociedade. A Administración mediará para que as comunidades que reclaman o seu monte expropiado podan recuperalo e impulsará un sistema mediante o cal partillar coñecemento (lexislativo, de xestión, agrogandeiro...) entre elas. Estudarase o marco xurídico que as rexe para avanzar na reformulación da Lei de MVMC e traballarase para que se lles aplique unha fiscalidade específica. Como consecuencia das medidas anteriores e dos consensos que se alcancen, todo elo inserido en estratexias máis amplas, como é a que se derive da Lei Galega de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático, a Xunta de Galicia modificará Lei de Montes de Galicia.

- ▶ O resultado final deste **Acordo nacional de consenso para os vindeiros 60 anos sobre o novo modelo de aproveitamento do monte en Galicia**, plasmarase nunha nova Lei de Montes de Galicia.
- ▶ Este novo modelo debe chegar tamén ao ámbito educativo e social, e débese fomentar a **Educación Ambiental** a todos os niveis para promover na sociedade valores e comportamentos compatíbeis coa preservación do medio ambiente en xeral, e do monte en particular. O SPDCIF deberá xogar un papel importante nesta estratexia educativa.
- ▶ **Fomento da Investigación, desenvolvemento e transferencia ao sector.** Se ben é necesario e urxente diversificar os aproveitamentos do monte, a Xunta de Galicia non debe perder de vista que a produción de madeira é na actualidade unha compoñente central do Valor Engadido que produce o monte. Así, debe ser un obxectivo prioritario establecer liñas específicas de apoio á innovación na xestión forestal e na industria da madeira dentro da estratexia galega de I+D+i: investigación para mellorar a xestión sustentable do monte, análises de mercado e situación socioeconómica para o desenvolvemento do sector forestal, o maior coñecemento sobre a dinámica dos ecosistemas forestais e a interacción coas prácticas silvícolas, desenvolvemento de modelos de predición que aseguren unha optimización dos recursos na procura da multifuncionalidade, desenvolvemento de modelos que compatibilicen produción de madeira con aproveitamentos gandeiros, investigacións en novos produtos forestais (biomateriais innovadores, biocombustibles a partir de residuos forestais, obtención de compost a partir deses residuos) etc. A Xunta de Galicia, ademais, ten que exercer o papel de axente de transferencia de coñecemento entre os centros de investigacións e os xestores dos recursos do monte.

